

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2014


A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, en substitución da Vicesecretaria, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 17 de setembro de 2014, coa rectificación do erro padecido no acordo número 1/653, onde di: ..."aprobación das actas das sesións correspondentes aos días 3 e 19 de setembro de 2014", debe decir: ..."aprobación das actas das sesións correspondentes aos días 3 e 10 de setembro de 2014, tal como figuraba na orde do día.

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010 para a actuación de instalación de ascensor no edificio sito na rúa Narciso Peinado, número 3.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para modificación de licenza 1351/11 de construción de corte para xovencas, tenreiras, silo forraxeiro, esterqueira e balsa de xurro, para ampliación de explotación de vacún; consistente en cambio de localización e redución de esterqueira, supresión de corte para xovencas, ampliación dos boxes de recría para estabulación de xovencas, cambio de localización da fosa de xurro e pavimentación de patio, en Coeo, San Vicente de Coeo; para legalización de obras de reforma de nave existente sen uso definido con licenza 669/10, sita en solo urbano, na avda. Benigno Rivera, número 49; para ampliación dunha planta para unha vivenda, no edificio existente con licenza número 541/85, sito en solo urbano na rúa Monte Pico Sacro, número 16; para legalización de reforma en vivenda unifamiliar tradicional tipo 1, do núcleo rural 39.3 Nadela-Seoane-A Airexe-Pena, parroquia de San Xoán de Pena, sita nas Baradas, número 1-A, San Xoán de Pena; para a ampliación de corte, logo da demolición de edificacións existentes na explotación, parcela 7, do polígono 204 en Crecente, San Pedro de Mera; para demolición de cuberta no edificio sito na rúa Monte Pico

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/10/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3
 mvuyPMYJ5jzdUjRHB/U7tA==			

Sacro, número 16 e para a construción de edificación independente de uso agrícola para almacén de materiais e garaxe, situado en solo clasificado como non urbanizable no plan xeral de ordenación urbano de aplicación, en Santoiño-Piúgos.

Acórdase a desestimación de recurso potestativo de reposición, interposto por dona maría mercedes osorio moure, contra o acordo de concesión de licenza para a demolición de edificación na rúa san roque, número 46.

Así mesmo, acórdase a concesión das seguintes licenzas de primeira ocupación: para nave industrial sen uso definido, sita na rúa dos Torneiros - parcela número 19 do polígono industrial do Ceao, con licenza de obra número 1274/05 e para nave industrial sen uso definido, sita na rúa dos torneiros - parcela número 20, do polígono industrial do ceao, con licenza de obra número 1273/05.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación do complemento específico dun policía local, por deixar de prestar servizo en quendas rotatorias e pasar a prestar servizo en quenda fixa de mañá.

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Vicesecretario/a do Concello de Lugo.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación das bases para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de Secretario/a Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Acórdase desistimar a solicitude do Interventor Xeral de abstención como membro da comisión de valoración no procedemento selectivo para cubrir o posto de Xefe do Servizo de Contratación.


ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a terminación do procedemento por pagamento voluntario pola empresa contratista na contratación das obras de rehabilitación de a Ponte Vella de Lugo. Expediente de incautación de garantía definitiva para responder das penalidades por demora no cumprimento do prazo da obra e en execución de sentenza do Xulgado Contencioso-administrativo de Lugo número 2 (sentenza núm. 117/2014).

Acórdase incoación do expediente de incautación de garantía por incumprimento contractual no contrato de seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos e outros do Concello de Lugo.

Código Seguro de verificación:mvuyPMYJ5jzdUjRHB/U7tA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	01/10/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	mvuyPMYJ5jzdUjRHB/U7tA==	PÁGINA 2/3


mvuyPMYJ5jzdUjRHB/U7tA==

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da adquisición dun vehículo con autoescaleira automática de 42 metros articulada para usos múltiples e servizo de emerxencias do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de maio de 2014 polo que se procedeu á regularización da súa situación tributaria, en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola explotación agropecuaria existente antes da entrada en vigor da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sita en Fazai-Carballido.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza de obras outorgada para modificación de cuberta e aproveitamento baixo cuberta para ampliación de vivenda de planta terceira en dúplex, no edificio sito na rúa Conde Pallares, 6.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA


5. CULTURA.- Acórdase a aprobación da presentación da candidatura da cidade de Lugo ao certame “Capital española da gastronomía 2015”

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase aceptación da cesión das vías e zonas verdes procedentes da parcela da Excm. Deputación Provincial de Lugo, a favor deste Concello.
- Acórdase a concesión de licenza para reforma e ampliación de Hospital Veterinario para centro de investigación de biomedicina e veterinaria (CEBIOVET), na Estrada da Granxa (Campus Universitario).

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:mvuyPMYJ5jzdUjRHB/U7tA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	01/10/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	mvuyPMYJ5jzdUjRHB/U7tA==	PÁGINA	3/3
 mvuyPMYJ5jzdUjRHB/U7tA==				